



## ENTROIDO 2017 MUSEO ETNOLÓXICO - RIBADAVIA - OURENSE

---

«Xungir non é esmorecer, senón medrar»

Rita Blanco Fernández



Ourense é terra de Entroido. Ao longo de toda a xeografía da provincia sucédense unha chea de entroidos con caras diferentes. Na comarca de Maceda sae á rúa o anárquico e rebelde felo, brandindo o caxato e perseguindo aos que se meten con el. Na Limia os protagonistas son varios. En Xinzo é a pantalla quen molesta a quen non se disfrazo portando nas mans unhas vexigas indoloras pero non inodoras. Na veciña Serraus, os vergalleiros optan por acompañar a charanga mentres chaman cos seus cornos a participar na festa.

Cada Entroido ten a súa simboloxía e ritos propios que os diferencian e fan singulares pero tamén teñen semellanzas. Nunha xuntanza entre felos, vergalleiros e pantallas e noutra en Murcia durante as «Fiestas de Primavera» do 2013, a fotógrafa captou o entendemento entre eles.

---

**Ribadavia** Museo Etnolóxico. Ribadavia-Ourense  
Local Social «Igrexa da Madalena»

*Do 22 de febreiro ao 31 de marzo de 2017*

Horario: *Martes a venres : 12:00 a 14:00 h.*  
*17:00 a 19:00 h.*

*Sábados e domingos: 11:30 a 14:00 h.*

**ENTROIDO 2017**

**MUSEO ETNOLÓXICO - RIBADAVIA - OURENSE**

**«Xungir non é esmorecer, senón medrar»**

**Rita Blanco Fernández**



De formación autodidacta, leva colaborando dende hai anos coa promoción do Entroido da provincia a través do de varias iniciativas, como son a cooperación no blog Felos de Maceda ([www.blogoteca.com/felosdemaceda/](http://www.blogoteca.com/felosdemaceda/)) e na páxina web Felos de Maceda ([felosdemaceda.com/](http://felosdemaceda.com/)) ou con diversas fotografías para libro de Óscar J. González Mascaradas de la península Ibérica. É tamén membro activo da asociación fotográfica «Os Potiños» do Carballiño.

A artista busca reflectir nesta exposición apoiada pola «Asociación Felos da Corga da Serra de Maceda», da que é secretaria, dous aspectos fundamentais. Por unha banda, o valor da fotografía como reportaxe ao captar escenas que se describen co movemento como elemento particular e fuxindo do estático. Por outra, a súa paixón polo Entroido que queda patente na beleza e colorido das máscaras e traxes. Antes de chegar a Ribadavia, esta mostra estivo no Museo Etnográfico Liste (Vigo), no Castelo Monumento de Maceda e no Pazo da Cultura de Carballo, entre outros.



XUNTA  
DE GALICIA

MUSEO ETNOLÓXICO  
RIBADAVIA - Ourense



galicia

COLABORAN:



Concello de Ribadavia

